AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

1. Introdución

A planificación lingüística é a descrición detallada do camiño que debe percorrer cada centro para conseguir os obxectivos que a lexislación marca. Debe plasmarse en documentos elaborados de forma rigorosa, meditada e consensuada. Un destes documentos é o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC), nel expóñense as principais decisións e medidas que se levarán a cabo durante catro anos; ten un carácter pedagóxico-administrativo e enmárcase dentro do PEC. En definitiva é un plan específico que determina as estratexias que centro, dentro das súas propias peculiaridades, levará a cabo para contribuír á plena normalización da nosa lingua, á distribución curricular das materias non lingüísticas, á promoción das sección bilingües e o plurilingüismo, etc.

2. Margo legal de referencia

- ✓ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010)
- ✓ Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/06/2015)
- ✓ Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües (DOG 20/05/2011)
- ✓ Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as sección bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG 20/05/2011)
- ✓ Constitución española:
  - o Art. 3.3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección
- ✓ Estatuto de Autonomía:
  - o Art. 5.1. A lingua propia de Galicia é o galego
  - o Arti. 5.2. Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar
  - o Art. 5.3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento
- ✓ Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
  - o Art. 1. O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e de usalo
  - o Art. 12. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

3. Análise do contexto. Breve descrición

O Concello de Boiro está situado na marxe norte da Ría de Arousa e os seus máis de 19.000 habitantes (19.028 según o último padrón municipal) distribúense entre oito parroquias: Abanqueiro, Cespón, Bealo, Boiro, Lampón, O Castro, Cures e Macenda. Cómpre destacar que a estructura da poboación por idades fai que Boiro sexa un concello cunha importante porcentaxe de poboación moza, contando con 3617 mozos/as entre os 12 e 30 anos (1821 homes e 1796 mulleres).

A base socioeconómica das familias do noso alumnado atópase no mar. É importante o sector hosteleiro, dado o interés turístico da ría pola súa oferta cultural, paisaxística, patrimonial e gastronómica. No tecido empresarial hai que sinalar tamén pequenas e medianas empresas relacionadas co sector da construcción. Destaca tamén unha importante nómina de traballadores/as autonómonos que atopan no comercio o seu medio de desarrollo económico e persoal.

En liñas xerais podemos dicir que a situación socio-económica da contorna ocupa un lugar privilexiado dende o punto de vista do emprego e o desarrollo, se a comparamos con outras comarcas de Galicia, fundamentalmente coas do interior.

No plano sociolingúistico constátase o fenómeno da diglosia. A asociación do galego a estratos máis desfavorecidos ou rurais provoca que cada ano diminúa o número de falantes en lingua galega e, lamentablemente, se empobreza a competencia lingüística do noso alumnado. No ámbito educativo deben realizarse, dentro dos proxectos de fomento do galego, accións e actividades encamiñadas á eliminación destes prexuizos e que sitúen o ámbito actitudinal no centro de atención.

O alumnado procede de 4 centros de primaria adscritos:

- CEIP Santa Baia
    - Alumnado do casco urbano de Boiro
- CEIP Abanqueiro
- CEIP Cespón
- CEIP Santa María do Castro
    - Alumnado de parroquias fundamentalmente mariñeiras e/ou rurais

Apréciase inicialmente unha diferenza de usos, competencias e actitudes respecto das linguas segundo a procedencia do alumnado: o galego está máis presente nos centros da periferia ca no do casco urbano.

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

4. Análise da situación sociolingüística do centro

4.1. Consideracións xenéricas referidas ao alumnao

i. A lingua de instalación da maioría do alumnado é o galego, porcentaxe que varía considerablemente se atendemos ao hábitat, xa que, como se desprende das enquisas, o proceso desgaleguizador dase en moita maior medida nos ámbitos urbanos

ii. Na relación co seu entorno máis próximo o galego é menos empregado nas xeracións máis novas

iii. En canto á evolución xeracional, apréciase unha perda progresiva de falantes do noso idioma, aínda que se segue a manter moi por riba do castelán

iv. A lingua de relación tamén ofrece cambios significativos segundo con quen se estableza a comunicación, apreciándose sempre unha tendencia á baixa no emprego do galego nos contactos que establecen as xeracións maiores coas máis novas. Isto demostra con nitidez a diglosia que existe nos falantes, cunha progresiva deslealdade cara ao noso idioma cando a comunicación se establece coas xeracións máis novas. Próbase con isto que aínda pervive o proceso psicolóxico denominado "autoodio" aplicable á lingua, que consiste en querer negar un dos atributos que os identifican como membros dun grupo pretendidamente inferior, xa que aínda o castelán se asocia ás clases consideradas "superiores" (en ingresos, en estudos, en poder…), asociación que favorece o desprazamento do idioma natal a favor do castelán

v. Se analizamos a lingua de aprendizaxe e as competencias lingüísticas do noso alumnado as porcentaxes varían considerablemente se temos en conta o hábitat, xa que vemos como no ámbito urbano a presenza do castelán como lingua materna aumenta

vi. Os resultados das enquisas reflicten que a escola non respectou o punto de partida lingüístico do alumnado, e como continúa a ser un medio desgaleguizador á vista do resultado da enquisa. Quizais isto sexa unha das razóns que explica que, aínda que a nivel oral afirman expresarse mellor na lingua materna, o galego, na versión escrita da lingua din desenvolverse mellor en castelán. Pese a iso, ao chegaren á secundaria prodúcese unha certa regaleguización, xa que unha porcentaxe de alumnos e alumnas afirman empregar máis o noso idioma que cando estaban en primaria

vii. Se analizamos o nivel de comprensión, unha elevada porcentaxe afirma entender na mesma medida as dúas linguas, e a porcentaxe dos que din comprender mellor unha que outra é moi semellante. Na lectura , as porcentaxes son similares, cun nivel lixeiramente superior en galego, quizais

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

debido a que maioritariamente len o que se lles manda desde os departamentos

viii. O apartado das **actitudes** reflicte un panorama esperanzador para o noso idioma, xa que vemos como a maioría considera que o galego debe ser a lingua habitual de Galicia. Así mesmo hai unha porcentaxe elevada que afirma que o noso idioma debería ter o mesmo status de dereitos e obrigas que o castelán e non permanecer na situación de inferioridade na que está actualmente

En definitiva, como **valoración final**, podemos dicir que o galego continúa cunha perda progresiva de falantes, situación que se acentúa nas xeracións máis novas e nos ámbitos urbanos. Porén, é certo que aplicando os mecanismos necesarios para eliminar os prexuizos existentes, este proceso poderíase invertir tendo en conta as actitudes claramente favorables que mantén o noso alumnado, partidarios na súa maioría do emprego do galego como lingua habitual e do deber de fomentar o seu uso no centro.

5. Obxectivos do proxecto

5.1. Obxectivos xerais

- Fomentar e potenciar o emprego da Lingua Galega en todos os ámbitos da comunidade escolar e extrapolar o seu uso a todos os ambientes relacionados co centro
- Conseguir que o galego siga a ser a lingua habitual do centro, tanto a nivel oral como escrito e promover o seu uso en todos os actos internos e externos
- Manter, e se é posible aumentar, o número de falantes galegos na nosa comunidade educativa
- Analizar a situación sociolingüística no Centro entre o alumnado, profesorado e persoal non docente
- Comprometer na tarefa normalizadora o maior número posible de membros da comunidade educativa
- Fomentar a coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais da Comunidade
- Fomentar o respecto e coñecemento das outras linguas oficiais da Península
- Compensar o desequilibrio existente no coñecemento e o uso desigual da lingua galega determinado pola situación ambiental en que vive o alumnado, onde a lingua castelá ten un predominio social case absoluto na maioría de ámbitos (administración, comercio, medios de comunicación, publicidade, etc.)
- Xerar un ambiente de confianza e tolerancia cara á normalización lingüística

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Usar o galego de forma preferente nas actividades extraescolares e favorecer a participación en actividades culturais en galego organizadas polo instituto ou por outras entidades
- Sensibilizar os pais, as nais e o alumnado sobre a necesidade de usar e promover o uso das dúas linguas oficiais
- Divulgar o máximo posible a nosa cultura, por ser o principal ámbito no que se desenvolve a lingua galega
- Divulgar o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) para que sexa coñecido por toda a comunidade educativa e, sobre todo, polo profesorado, persoal non docente e alumnado
- Conseguir a utilización do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre os membros representativos da ANPA e o resto da comunidade educativa
- Garantir que a lingua galega sexa o vehículo de expresión normal na información e a imaxe institucional do centro que se ofreza empregando as novas tecnoloxías TIC e, especialmente, a que se ofreza a través de Internet
- Outorgar ao departamento de orientación e a titoría un papel protagonista na sensibilización a favor da normalización lingüística do centro
- Transmitir unha sensación de firmeza tolerante (non imposición) nas tarefas normalizadoras

5.2. Profesorado

- Informar ao profesorado de forma exhaustiva das normas que regulan o uso do galego no ensino, facendo especial fincapé nas materias que obrigatoriamente se teñen que impartir en galego
- Prestar a axuda necesaria ao profesorado que teña dificultades para empregar o galego nas aulas, así como ao persoal administrativo e non docente

5.3. Alumnado

- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega, e incrementar a asociación de valores positivos á lingua galega que a fagan percibir como unha lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia
- Conseguir que a actitude do alumnado cara á lingua e á cultura galega sexa positiva
- Fomentar e facilitar a integración sociolingüística e escolar do alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros de fala oficial castelán, con nulo ou insuficiente dominio da lingua galega
- Fomentar e facilitar a integración sociolingüística e escolar do alumnado de países estranxeiros con falas oficiais diferentes á galega e castelá, con nulo ou insuficiente dominio das dúas linguas oficiais
- Conseguir que ningún alumno/a saia do centro sen ter competencias plenas, no nivel que corresponde, no uso oral e escrito do galego e do castelán

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Fomentar a participación do alumnado en todas aquelas actividades encamiñadas á promoción do uso do galego

- Elaborar un plan destinado ao alumnado inmigrante que teña en conta a formación lingüística, histórica e sociocultural
- **5.4. Recursos**
  - Dotar, na medida do posible, aos distintos departamentos de recursos necesarios que posibiliten a normalización lingüística
  - Facilitar os recursos necesarios para que se poidan cumprir estes obxectivos

5.5. Linguas estranxeiras

- Fomentar a aprendizaxe das linguas estranxeiras a través de intercambios, proxectos educativos bilingües, viaxes didácticas, programas de inmersión lingüística, etc.

6. Distribución lingüística curricular

6.1. A distribución lingüística no decreto para o plurilingüismo

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia
2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia
3. Impartiranse en galego as materias de:
   - Ciencias sociais, xeografía e historia
   - Ciencias da natureza e bioloxía e xeoloxía
4. Impartiranse en castelán as materias de:
   - Matemáticas
   - Tecnoloxías
   - Física e química
5. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias en cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

6.2. Distribución das linguas por materias

1º ESO

	Materias	Horas
Materias de linguas	Lingua castelán e literatura	4
	Lingua galega e literatura	4
	1ª lingua estranxeira	3
	2ª lingua estranxeira	2
	Total	**13**
	Horas totais currículum	**32**
	Diferencia	**19**

Reparto de 19 horas proporcionalmente:

	Galego	Horas	Castelán	Horas
Materias obrigatorias	Bioloxía e xeoloxía	4	Matemáticas	5
	Xeografía e historia	3		
Proposta comisión	Educación física	2	Relixión/valores éticos	1
	Libre configuración	1	Titoría	1
			Educación plástica e visual	2
	Total	**10**	**Total ....**	**9**

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

2º ESO

	Materias	Horas
Materias de linguas	Lingua castelán e literatura	3
	Lingua galega e literatura	3
	1ª lingua estranxeira	3
	2ª lingua estranxeira	2
	Total	**11**
	Horas totais currículum	**32**
	Diferencia	**21**

Reparto de 21 horas proporcionalmente:

	Galego	Horas	Castelán	Horas
Materias obrigatorias	Xeografía e historia	3	Matemáticas	5
			Física e química	3
			Tecnoloxía	3
Proposta comisión	Educación física	2		
	Libre configuración	1		
	Música	2		
	Relixión/valores éticos	1		
	Titoría	1		
	Total	**10**	**Total ....**	**11**

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

3º ESO

	Materias	Horas
Materias de linguas	Lingua castelán e literatura	3
	Lingua galega e literatura	3
	1ª lingua estranxeira	3
	2ª lingua estranxeira (optativa)	2
	Total	**11**
	Horas totais currículum	**32**
	Diferencia	**21**

Reparto de 21 horas proporcionalmente:

	Galego	Horas	Castelán	Horas
Materias obrigatorias	Xeografía e historia	3	Matemáticas	4
	Bioloxía e xeoloxía	2	Física e química	2
			Tecnoloxía	2
Proposta comisión	Educación física	2	Educación plástica	2
	Cultura clásica	2		
	Música	2		
	Relixión/valores éticos	1		
	Titoría	1		
	Total	**13***	**Total ....**	**10**

*O alumnado que curse 2ª lingua estranxeira terá 2 horas menos en lingua galega.

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

4º ESO

	Materias	Horas
Materias de linguas	Lingua castelán e literatura	3
	Lingua galega e literatura	3
	1ª lingua estranxeira	3
	2ª lingua estranxeira (optativa)	3
	Total	**12**
	Horas totais currículum	**32**
	Diferencia	**20**

Reparto de 20 horas proporcionalmente (que dependerá das optativas):

	Galego	Horas	Castelán	Horas
Materias obrigatorias	Bioloxía e xeoloxía	3	Matemáticas	4
	Xeografía e historia	3	Física e química	3
			Tecnoloxía	3
Proposta comisión	Latín	3	Educación plástica	3
	Ciencias aplicadas	3	Economía	3
	Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	3	Cultura clásica	3
	Educación física	2	Relixión/valores éticos	1
	Música	3	Filosofía	3
	Cultura científica	3	Artes escénicas e danza	3
	TICS	3		
	Titoría	1		
	Total	**27***	**Total ....**	**26**

*O alumnado que curse 2ª lingua estranxeira terá 2 horas menos en lingua galega.

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

7. Seccións bilingües e plurilingüismo

7.1. Oferta bilingüe

CURSO	Idioma	Materia non lingüística
1º ESO	Inglés	Educación física
1º ESO	Francés	Educación Plástica e Visual
2º ESO	Inglés	Tecnoloxía
3º ESO	Francés	Educación Plástica e Visual
3º ESO	Inglés	Tecnoloxía

7.1.1. Criterios de selección para as seccións bilingües de 1º e 2º ESO.

Os seguintes criterios foron aprobados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do día 9 de xuño de 2014:

1º Media ponderada das notas de linguas do curso anterior

2º Para desempate, en caso de rexistrarse máis demanda que prazas ofertadas, atenderase ao establecido pola Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que fai referencia ao procedemento de admisión do alumnado

7.1.2. Criterios de selección para as seccións bilingües de 3º ESO

Os seguintes criterios foron aprobados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do día 11 de xuño de 2015:

1º Que o alumno/a formase parte dalgunha sección bilingüe na mesma lingua en cursos anteriores

2º Orde de preferencia na solicitude da sección bilingüe. Nos sobres de matrícula o alumnado poderá especificar se opta a unha sección bilingüe, indicando ademais a preferencia

3º Nota media ponderada das linguas: francés+inglés+L.castelá+L.galega. Este criterio aplicarase nos casos nos que a demanda fose maior cá oferta

7.1.3. Procedemento seguido para darlle información ao alumnado, profesorado e familias

- ✓ A través do Claustro e o Consello Escolar
- ✓ Elaboración dun folleto informativo sobre as seccións bilingües
- ✓ Entrega deste díptico a todo o alumnado
- ✓ Celebración de reunións informativas coas familias (tamén coas do alumnado de nova incorporación procedente do centros adscritos)

7.2. Oferta plurilingüe

- ✓ O proxecto que se presentou á convocatoria para a incorporación do centro á rede de centros plurilingües foi o seguinte:

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

Ano académico	Curso	Materia/s
2016/2017	1º ESO	Investigación e tratamento da información
2017/2018	1º ESO	Investigación e tratamento da información
	2º ESO	Educación física
2018/2019	1º ESO	Investigación e tratamento da información
	2º ESO	Educación física
	3º ESO	Tecnoloxía
2019/2020	1º ESO	Investigación e tratamento da información
	2º ESO	Educación física
	3º ESO	Tecnoloxía
	4º ESO	Ciencias sociais, xeografía e historia

8. Atención á diversidade

8.1. Medidas de apoio e reforzo dirixidas ao alumnado exento da 2ª lingua estranxeira

En 1º ESO o alumnado recibe reforzo en lingua galega

En 2º ESO o alumnado recibe reforzo en lingua castelá

9. Actividades

9.1. Actividades para o fomento e dinamización da lingua galega

Enuméranse a continuación algunhas das actividades máis significativas que se programan cada curso.

a. Experiencia teatral.Ás voltas co teatro

1.1. Concurso de microtextos teatrais Roberto Vidal Bolaño

Esta actividade consideramos que ten unha gran relevancia para o desenvolvemento persoal do noso alumnado, permitíndolle afondar en cuestións como o respecto polo traballo dos demais, a solidariedade, a autonomía e a iniciativa, a mellora das súas capacidades cognitivas (memorizar textos, comprender...), creativas (improvisar, interpretar, escribir, saber facer...), e sobre todo a mellora da súa autoestima.

1.2. Representación teatral na semana das Letras Galegas

b. Voluntariado lingüístico

Dado o incremento de alumnado estranxeiro no noso centro e co obxectivo de integralos no coñecemento e utilización da lingua galega, propoñemos a figura do voluntariado lingüístico. Todos aqueles rapaces e rapazas que se impliquen neste proxecto, axudarán a aquel alumnado que o necesite no coñecemento e utilización da nosa lingua a través de conversas durante os tempos de lecer, axuda fóra do horario escolar, acompañamento nas actividades extraescolares...

c. Presenza do EDL no espazo web do centro

Dentro desta web, o EDL terá o seu espazo e nel ofértanse:

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Lexislación referente á lingua galega: decreto 79/1010 do plurilingüismo, exencións
- Servizo de tradución
- Dicionarios on line
- Xogos interactivos
- Enlaces a webs de interese
- Revista *A XanelaDixital*
- Concursos
- Exposicións
- Proxectos interdisciplinares
- Plan Proxecta
- Actividades

d. 24 de novembro: día en contra da violencia de xénero

Con esta actividade preténdese concienzar ao alumnado sobre a lacra da violencia de xénero. Proxección de películas e audición de música que denuncia este problema social.

e. Concursos literarios

En colaboración co departamento de lingua galega convocatoria do concurso "Máis ca palabras".

Tres modalidades:

COMIC: **Dirixida a alumnado de 1º e 2º de ESO**

SONIGRAMA: **Dirixido a alumnado de 3º de ESO**.

VIDEOPOEMA: **Dirixido ao alumnado de 4º de ESO.**

f. Letras Galegas

Conmemoración das Letras Galegas con diversas actividades:

- Acto conmemorativo no salón de actos da Casa da Cultura, Ramón Martínez López de Boiro
- Representación das obras teatrais feitas e representadas polo noso alumnado
- Entrega de premios dos concursos literarios
- Actuación, participación e colaboración de alguén que se contrate no seu momento: contacontos, charla-coloquio de escritor, maxia, grupo musical etc.
- Exposicións
- Confección dunha unidade didáctica interdisciplinar sobre o personaxe homenaxeado
- Elaboración de diapositivas en soporte dixital (Power Point, Prezi) sobre a vida e obra do autor/a homenaxeado/a
- Xantar colectivo e romaría popular no pazo de Goiáns que sirva para fortalecer as relacións entre os membros da comunidade escolar

g. Palabras e ditos que esmorecen

Trátase dunha campaña coa que se pretende recuperar a nosa fraseoloxía. Con ela preténdese concienciar sobre a cantidade de castelanismos aínda presentes na nosa lingua como consecuencia

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

da existencia na nosa comunidade de dúas linguas en contacto, ao mesmo tempo que traer á memoria esas palabras e frases que imos esquecendo case sen decatármonos.

h. Recuperación de festas de carácter popular

Colaborar co departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares na organización e dinamización de todas aquelas festas que se celebren no Instituto: Magosto, Entroido, Samaín, o Apalpador, Maios, Semana cultural ...

i. Participación en Plans Proxecta (coordinación e/ou colaboración)

No presente curso coordinación do Fitofaladoiro: **O bosque animado.**

Este proxecto ten os seguintes obxectivos:

1. Promover o uso da lingua galega rescatando os nomes galegos das plantas de Boiro.
2. Fomentar o interese e o respecto pola natureza, a biodiversidade e a súa conservación.
3. Recoñecer na toponimia e na hidronimia os nomes das plantas do lugar.
4. Achegar ao alumnado ao mundo de mitos, crenzas, lendas, etc...que teñan o bosque e as plantas como marco.
5. Aprender a elaborar papel para a confección dun herbario.
6. Utilizar as TIC para a elaboración de material.

j. Participación en proxectos de innovación en dinamización lingüística

k. Publicacións: REVISTA XANELA DIXITAL

http://axaneladacachada.blogaliza.org/

Durante todo o curso iremos fornecendo de información a revista do centro con todas as actividades que imos facendo e outros datos de interese para a comunidade educativa.

9.2. Actividades enmarcadas en proxectos internacionais:

9.2.1. Comenius: curso 2012-2014

Dirixido alo alumnado de 4º ESO participante no Club do Antifás, coordinado por Berta Gómez, xefa do departamento de francés e coa participación dos departamentos de inglés, francés, lingua galega, lingua castelá, tecnoloxia e EPeV.

9.2.2. Intercambios socio-lingüísticos con centros escolares de Francia.

Obxectivos:

- Mellorar a competencia comunicativa en Francés.
- Entrar en contacto directo coa cultura vehicular da lingua estranxeira
- Mellorar as competencias sociais dentro do grupo de referencia e con novos grupos de iguais

Características:

- Duración: unha semana aproximadamente
- Destino: Picardie (Collège des Cygnes et Collège Alain Jacques)
- Participantes: alumnado de francés de 3º ESO

AVDA. MUNICIPALIDAD DE AVELLANEDA
15930.BOIRO
☎ 981-848819 🗎 981-842801
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Modalidade: estadía e acollida en familias
- Organización: departamento de francés
- 2013. Estadía no Collège des Cygnes
- 2014. Estadía no Collège des Cygnes
- 2015-2016. Acollida e estadía no Collège Alain Jacques

Situación futura:

Existe un compromiso adquirido co Collège Alain Jacques, coa mediación da Embaixada de Francia en Madrid, no que se manifesta a intención de organizar de maneira anual e continuada novas edicións deste intercambio, en principio coas mesmas características.